

O papel da muller na Inspección de Traballo en España

The role of women in the Inspection of Work in Spain



MARÍA ASUNCIÓN LÓPEZ ARRANZ e MARÍA DEL PILAR MILLOR ARIAS

Profesoras colaboradoras de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

Resumo

Este traballo pretende analizar de forma exhaustiva, desde o punto de vista legal, os accesos á función pública, e concretamente á Inspección de Traballo, das mulleres. Valóranse as condicións de igualdade xurídica e social desde o ingreso da primeira muller na Inspección en 1933 até os nosos días. Ao longo do traballo queda patente o extenso e tortuoso camiño que as mulleres tiveron que percorrer.

Palabras chave: muller, Inspección de Traballo, función pública.

Abstract

This work intends to analyse exhaustively, the accesses to the public function, and specifically to the Inspection of Work of women, from the legal point of view. Legal and social equality are taken into consideration from the entry of the first woman in the Inspection in 1933 until our days. The long and tortuous path that women had to walk is portrayed throughout the work.

Keywords: *woman, Inspection of Work, public function.*

1. Introducción

Os primeiros pasos das mulleres na función pública, e máis en concreto na Inspección de Traballo, veñen determinados polo acceso da muller ao mundo do traballo e particularmente ao traballo como funcionaria. Doutra parte, a busca do posto de emprego público na Inspección está con probabilidade motivada pola estabilidade económica e social que proporcionaba e proporciona ás mulleres.

Este traballo pretende analizar os accesos á función pública, e especificamente á Inspección de Traballo, das mulleres, e nel valóranse as condicións de igualdade xurídica e social que se viñeron dando desde o ingreso da primeira muller na Inspección até agora. A este respecto, cómpre lembrarmos que a igualdade entre homes e mulleres en todos os seus aspectos é unha máxima que tivo que ser desenvolvida a través do ordenamento xurídico para o seu recoñecemento e implantación, e que na sociedade actual sempre é susceptible de sufrir algunha creba a pesar de tal recoñecemento.

No acceso ao traballo na función pública feminino quedou moi claramente comprobado que as condicións para as mulleres e as presións sociais fixeron que a participación destas fose mínima até chegar aos nosos días, en que a equiparación xa é case totalmente igualitaria. Ora ben, neste momento que vivimos non podemos pasar por alto que as primeiras mulleres que tiveron a posibilidade de entrar nas aulas da universidade de forma libre non puideron facelo até a primavera de 1910, en que a Real orde de 8 de marzo, do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes¹, dispuxo que fosen admitidas aos estudos dependentes do Ministerio sen autorización previa e por igual matrícula de alumnos e alumnas, e derogou todos os requisitos que se lles esixían ás mulleres con anterioridade, que obstaculizaban gravemente o seu acceso á formación universitaria e, por conseguinte, tamén a certos niveis de empregos públicos. Isto último foi emendado coa publicación da Real orde de 2 de setembro de 1910².

O dereito a acceder ás funcións e aos cargos públicos en condicións de igualdade recóllese na Declaración de dereitos do home e do cidadán de 1789, cuxo artigo 6 establece que «todos os cidadáns... son igualmente admisibles a todas as dignidades, postos e empregos públicos, segundo a súa capacidade e sen outra distinción que a das súas virtudes e talentos»³.

¹ Gaceta de Madrid de 9 de marzo de 1910.

² Gaceta de Madrid de 3 de setembro de 1910.

³ Promulgada pola Asemblea Nacional Francesa o 26 de agosto de 1789.

A Constitución española de 9 de decembro de 1931 prevía no artigo 40 que «todos os españois, sen distinción de sexo, son admisibles aos empregos e cargos públicos segundo o seu mérito e capacidade, salvo as incompatibilidades que as leis sinalaren»⁴.

Na actualidade a Constitución española de 27 de decembro de 1978 recolle no seu artigo 23 o seguinte⁵:

1. Os cidadáns teñen o dereito a participaren nos asuntos públicos de forma directa ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.
2. Así mesmo, teñen dereito a accederen en condicións de igualdade ás funcións e aos cargos públicos, cos requisitos que sinalaren as leis.

Nas sociedades constitucionais a igualdade no acceso á función pública é difícil de medir aínda que a vulneración do dereito se produza *de facto*. Ora ben, na medida en que a administración dun país for capaz de seleccionar para os seus servizos os mellores e máis capacitados traballadores en igualdade de condicións mellor será o funcionamento dese país e desa administración, este é o reto que se formulaba antes e nos nosos días. En palabras de Miguel Sánchez Morón, a loita contra a arbitrariedade administrativa e a prol do dereito da igualdade e do interese xeral é un dos seus máis relevantes retos⁶.

2. Recoñecemento legislativo da capacidade da muller para acceder á Inspección de Traballo

O acceso da muller á Inspección de Traballo, e por tanto á función pública, vén determinado en primeiro lugar polas normas do Código civil de 1889⁷, que regulaba as relacións familiares no sentido de establecer a potestade do marido sobre a esposa ou do pai sobre a filla, o que obrigaba a muller a obter o seu permiso para o ingreso na Inspección. Este concepto da muller sometida ao xugo paterno ou marital era xa que logo o primeiro escollo que tiña que superar.

⁴ Gaceta de 10 de decembro de 1931.

⁵ BOE de 29 de decembro de 1978.

⁶ SÁNCHEZ MORÓN, M. (2011) *Derecho de la función pública*. Madrid, Tecnos, pp. 123-124.

⁷ Gaceta de 25 de xullo de 1889.

A promulgación da Lei de 13 de marzo de 1900 acerca do traballo de mulleres e nenos atópase na xénese do nacemento da Inspección de Traballo, pois nela establecíanse as xuntas provinciais e locais de Reformas Sociais que habían encargarse dos labores de inspección oportunos. No artigo 7.5 da devandita lei sinálase entre as súas funcións estas:

... inspeccionar todo centro de traballo; coidar de que teñan condicións de salubridade e hixiene; formar as estatísticas do traballo; procurar o establecemento de xurados mixtos de patróns e de obreiros; entender nas reclamacións que uns e outros sometan á súa deliberación e velar polo cumprimento desta lei, singularmente onde se reúnan obreiros de ambos os sexos para que se observe unha disciplina que evite todo quebrantamento da moral ou dos bos costumes.

E no artigo 14 establécese que «a inspección que esixe o cumprimento desta lei corresponderá ao Goberno, sen prexuízo da misión que nela se confía ás xuntas locais e provinciais»⁸.

A primeira regulación específica sobre a Inspección de Traballo encontrámola no Regulamento de 1 de marzo de 1906 para o servizo da Inspección de Traballo, promulgado como real decreto polo Instituto de Reformas Sociais, que é a primeira normativa para regular o cumprimento das normas laborais. No seu artigo 5 márcase o seguinte⁹:

O cargo de inspector será retribuído, e o seu soldo fixado polo Instituto de Reformas Sociais, así como as cantidades que en concepto de axudas de custo ha de percibir cando saia da súa habitual residencia por motivos relacionados co seu servizo; seranlle tamén aboados os gastos de locomoción correspondentes. O devandito soldo, por acordo do Instituto, poderá conceptuarse como gratificación, en harmonía co establecido para os funcionarios das seccións técnico-administrativas deste e o disposto no art. 15 da Lei de orzamentos de 1904.

No regulamento establécense as condicións necesarias para acceder ao cargo de inspector no artigo 12, en que se indica que os inspectores deben ser españois, maiores de 30 anos e estar en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos, á marxe de contar coa instrución necesaria. De todo isto dedúcese que as mulleres non tiñan ningunha

⁸ Gaceta de Madrid de 14 de marzo de 1900.

⁹ Gaceta de Madrid de 4 de marzo de 1906.

posibilidade de alcanzaren o cargo de inspectoras de Traballo nos seus inicios, tanto pola idade como polo pleno uso dos seus dereitos, que nesta época estaban limitados.

Neste punto da historia social e lexislativa de España podemos centrar o nacemento da Inspección de Traballo, presentada como necesaria para prestar un servizo de carácter público, e así defender os intereses dos traballadores, nun momento en que as leis laborais estaban pouco desenvolvidas e tiñan unha vocación paternalista cara ás mulleres. A natureza da Lei de 13 de marzo de 1900 viña marcada no seu artigo 2 como fiscalizadora de toda a lexislación laboral coas excepcións legais.

Posteriormente a Real orde de 24 de xaneiro de 1907¹⁰ complementou o Regulamento da Inspección de Traballo. A seguir, co fin de delimitar as funcións que debían asumir os inspectores rexionais, promulgouse a Real orde de 15 de marzo de 1907¹¹. Pouco despois, pola Real orde de 22 de xullo de 1907, publicouse un informe do Instituto de Reformas Sociais en que se definían as facultades da Inspección de Traballo. As competencias das xuntas locais e provinciais en materia de inspección fronte aos inspectores provinciais de Traballo serían ditaminadas polo Real decreto de 28 de xaneiro de 1908¹²:

Primeiro. Que a Xunta Local de Reformas Sociais de Barcelona cumpra sen escusa ningunha todas as disposicións gubernativas referentes ao servizo da inspección do traballo, as cales están en perfecta harmonía co espírito e a letra da Lei de mulleres e nenos.

Segundo. Que as xuntas provinciais e locais de Reformas Sociais carecen de título legal para verificaren actos de inspección do traballo, agás nos casos e dentro dos límites xa determinados polas disposicións vixentes, ou naqueles outros en que, por excepción, se lles autorizar en virtude de ulteriores disposicións; mais sempre con referencia a unha orde ou esfera da inspección xeral, que terá de fixarse en termos expresos e concretos para cada caso.

Terceiro. Que serán reputados como ilegais todos aqueles actos de inspección de traballo que non se axusten nun todo a estas disposicións, que deberán ser observadas por todas as xuntas locais e provinciais.

¹⁰ Gaceta de Madrid de 26 de xaneiro de 1907.

¹¹ Gaceta de Madrid de 16 de marzo de 1907.

¹² ESPUNY TOMÁS, M.^a J. (2006) [en liña] «Los orígenes de la Inspección de Trabajo en España (1906 2006)» *Revista Iuslabor* 0/2006. Dispoñible en formato electrónico no enderezo web <<http://www.upf.edu/iuslabor/012006/Historia.MJesusEspuny.htm>>.

Aínda que as funcións dos inspectores estaban reguladas, o traballo na súa orixe era totalmente dificultoso, pois atopaban multitude de problemas á hora de o levaren a cabo e as inspeccións non eran ben vistas nin polos patróns nin polos gobernantes: os patróns negábanlles a entrada aos seus talleres ou as autoridades locais opoñían resistencia (os alcaldes acostumaban ser os presidentes das xuntas locais de Reformas Sociais).

Coa Lei reformada, relativa aos accidentes do traballo, de 10 de xaneiro de 1922¹³, o 21 de abril do mesmo ano publícase un regulamento provisional para o servizo de inspección, que no seu artigo 1, en relación co artigo 20 da mencionada lei, establece «que teñen capacidade para esa acción: A) Os inspectores propiamente ditos. B) Os auxiliares dos inspectores. C) As comisións de inspectores das xuntas de Reformas Sociais»¹⁴.

O Regulamento de 9 de maio de 1931 da Inspección de Traballo dá un paso máis no obxecto da propia Inspección, que non é outro que o de vixiar o cumprimento das leis laborais e servir de garantía dos dereitos dos traballadores desde o inicio da lexislación da Inspección en 1906. Este é o primeiro paso para que as mulleres accedan á Inspección de Traballo, pois as condicións establecidas na lei republicana modifican a idade necesaria e aumentan os dereitos da muller.

Neste novo regulamento téñense en conta os acordos da V Conferencia Internacional de Traballo reunida en Xenebra no ano 1923 para determinar os principios xerais da inspección do traballo, así como a doutrina establecida polo Consello de Traballo. No seu artigo 2 indícase a competencia da Administración laboral nestes termos¹⁵:

...a inspección de traballo corresponde ao persoal da Inspección nomeado polo Ministerio de Traballo e Previsión. En casos especiais, especificados nas disposicións vixentes, exercen tamén as funcións de inspección, como elementos auxiliares da Inspección de Traballo, as delegacións do Consello de Traballo.

Nos artigos 3, 4 e 5 sinálanse as categorías de inspector de Traballo a teor do regulamento, a cualificación de autoridade pública destes inspectores aparece no artigo 8; e no artigo 9 recóllense as condicións que han de reunir os designados para o

¹³ Gaceta de Madrid de 22 de abril de 1922.

¹⁴ Gaceta de Madrid de 29 de abril de 1922.

¹⁵ Gaceta de Madrid de 12 de maio de 1931.

cargo de inspector, que serán as de ser español e maior de idade, estar en pleno uso dos seus dereitos civís e políticos, contar coa instrución necesaria e ser de moralidade irreprochable.

A facultade sancionadora atribuída a unha autoridade propiamente laboral non aparece até a Lei de 13 de maio de 1932¹⁶, e o regulamento para a súa aplicación de 23 de xuño, creadora das delegacións provinciais de Traballo. Esta lei tratou de asegurar as condicións necesarias de competencia e aptitude das persoas que habían de desempeñar os cargos de delegados e inspectores de Traballo mediante concurso-oposición en que puidesen aquilatarse os méritos dos aspirantes en virtude dun principio de rigorosa selección.

O Decreto de 24 de maio de 1935¹⁷, coa intención de evitar as arbitrariedades ministeriais e establecer as competencias de preparación dos inspectores, regulou as condicións necesarias para nomear delegados e inspectores no seu artigo 1: estes debían posuír o título de facultativo do Estado ou ser graduados de escola social; non pertencer no momento nin con anterioridade, salvando que se desen de baixa dous anos antes do seu nomeamento, a asociacións obreiras ou patronais; contar cando menos 30 anos de idade e non ter condena por delitos comúns.

A Lei de 15 de decembro de 1939 derogou a Lei de 13 de maio de 1932 e estableceu no seu artigo 6:

O ingreso como inspector de Traballo realizárase sempre pola clase de inspector provincial de terceira, logo de concurso-oposición entre persoas que posúan os títulos de enxeñeiro ou avogado. En defecto de aspirantes con eses títulos, admitírase os que posúan outros de carácter universitario superior. O ingreso na categoría de subinspectores efectuarase por oposición entre persoas que posúan o título de bacharel ou outros secundarios análogos.

No artigo 9 indícase que «os membros do Corpo Nacional de Inspección do Traballo seguirán sometidos ao réxime xeral da Lei de funcionarios de 22 de xullo de 1918 e o seu regulamento, ou ás disposicións que se ditaren, no que respecta a traslados, correccións, licenzas, excedencias, separacións do servizo, cesamentos, xubilacións, pensións etc.»¹⁸. Esta lei foi desenvolvida polo Decreto de 13 de xullo de 1940¹⁹.

¹⁶ Gaceta de Madrid de 15 de maio de 1932.

¹⁷ Gaceta de Madrid de 25 de maio de 1935.

¹⁸ BOE de 29 de decembro de 1939.

¹⁹ Gaceta de Madrid de 10 de agosto de 1940.

Na Lei de 4 de maio de 1948, pola cal se constitúe o Corpo Nacional de Inspección Técnica de Previsión Social dependente do Ministerio de Traballo, establécense as funcións da devandita inspección, que serán as de vixilancia das entidades, os servizos e os organismos que practiquen o seguro ou reaseguro de accidentes de traballo, as entidades ou os organismos que actúen ou colaboren no seguro obrigatorio de enfermidade, e outros. No seu artigo 5.2 sinala:

O ingreso neste [corpo] realizarase sempre polas vacantes que existiren nas prazas de inferior categoría logo de oposición entre españois varóns maiores de 23 anos e menores de 45 que posúan calquera dos títulos seguintes: licenciado en Dereito, licenciado en Ciencias Económicas, Actuario, Intendente Mercantil ou outro título análogo que se determinar na convocatoria.

Como pode comprobarse, esta lei deixa fóra da Inspección de Traballo as mulleres.

No artigo 8 apúntase que «os funcionarios do Corpo Nacional de Inspección Técnica de Previsión Social estarán sometidos ao réxime xeral da Lei de funcionarios»²⁰.

O Convenio da OIT sobre a inspección do traballo, de 11 de xullo de 1947, ratificado polo Instrumento de 14 de xaneiro de 1960 recolle no seu artigo 6 que «o persoal de inspección deberá estar composto de funcionarios públicos cuxa situación xurídica e cuxas condicións de servizo lles garantan a estabilidade no seu emprego e os independicen dos cambios de goberno e de calquera influencia exterior indebida».

Por outra parte, no artigo 7 sinalase que:

1. Coa reserva das condicións a que a lexislación nacional suxeite a contratación de funcionarios públicos, os inspectores do traballo serán contratados tomándose unicamente en conta as aptitudes do candidato para o desempeño das súas funcións.
2. A autoridade competente determinará a forma de comprobar esas aptitudes.
3. Os inspectores do traballo deberán recibir formación adecuada para o desempeño da súas funcións.

No artigo 8 dise que «as mulleres e os homes serán igualmente elixibles para formaren parte do persoal de inspección, e, cando for necesario, asignaráselles funcións especiais aos inspectores e ás inspectoras, respectivamente»²¹.

²⁰ BOE de 5 de maio de 1948.

²¹ BOE de 4 de xaneiro de 1961.

Coa promulgación do Decreto 1564/1959, de 10 de setembro²², adáptase á Lei de 15 de xullo de 1954, reguladora da situación administrativa dos funcionarios da Administración civil do Estado, o regulamento orgánico do Corpo Nacional de Inspección de Traballo; isto deixa sen efecto o artigo 9 da Lei de 15 de decembro de 1939 e os artigos 16 e 17 do Regulamento de 13 de xullo de 1940.

A Lei 39/1962, de 21 de xullo²³, precedente da actual, sinala no seu artigo 16 o sometemento dos inspectores de Traballo ao réxime da lexislación xeral dos funcionarios públicos, e no artigo 18 establece:

Un. O ingreso no Corpo da Inspección Nacional de Traballo efectuarase por oposición pola categoría de entrada a que poidan concorrer os españois dun ou outro sexo que estean en pleno goce dos seus dereitos civís e acrediten a aptitude física necesaria, así como estar en posesión dos títulos facultativo, universitario ou de escola especial superior...

Por esta lei derróganse as leis de 15 de decembro de 1939 e de 4 de maio de 1948, que prohibían o acceso ás mulleres, aínda que as disposicións de aplicación destas continuarán até o seu desenvolvemento regulamentario. A integración do Corpo Nacional de Inspección Técnica de Previsión Social e a Delegación de Traballo para extinguir, co obxecto de confeccionar unha escala única, producírase coa Lei 228/1963, de 28 de decembro²⁴.

As leis reguladoras da Inspección están sometidas tamén á normativa reguladora do acceso á función pública, e por tanto á Lei 109/1963, de bases dos funcionarios civís do Estado, cuxo texto articulado foi aprobado polo Decreto 310/1964, de 7 de febreiro²⁵. Este apuntaba no artigo 30.2, como regra xeral, o principio de non-discriminación por razón de sexo. A mencionada regra parecía en principio a plena realización da igualdade de xénero en materia de acceso á función pública.

Porén, a pesar deste principio xeral contido na lexislación, existía unha clara tendencia discriminatoria, como pode observarse no preámbulo da devandita lei, que indica que as limitacións que se establecen ao principio xeral de non-discriminación están

²² BOE de 17 de setembro de 1959.

²³ BOE de 23 de xullo de 1962.

²⁴ BOE de 31 de decembro de 1963.

²⁵ BOE de 15 de febreiro de 1964.

baseadas en «feitos ou circunstancias naturais de tan doada e obvia comprensión que resulta redundante ou inútil a súa xustificación polo miúdo... sen outra traba que a derivada da existencia de traballos que esixen esforzos desmesurados». Esta lei exceptuaba, conforme a tal criterio, as Forzas Armadas, os institutos armados, a xudicatura e a Mariña Mercante.

O Regulamento da Inspección de Traballo, Decreto 2122/1971, de 23 de xullo²⁶, establecía que podían concorrer ás probas de ingreso no corpo da Inspección de Traballo os españois seculares dun ou outro sexo maiores de 21 anos, que estivesen en pleno goce dos seus dereitos civís, que acreditasen estar en posesión do título universitario ou de escola superior e que carecesen de defecto físico ou enfermidade que impedise o exercicio das funcións inspectoras.

A Lei 42/1997, de 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social²⁷, e o Real decreto 138/2000, de 4 de febreiro, polo cal se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social²⁸, limitáanse a sinalar de xeito conciso que poderán ingresar nos corpos de inspectores e subinspectores de Traballo os españois maiores de idade con titulación, respectivamente, superior ou de diplomado universitario. Pola súa vez, a vixente lei sinala na súa exposición de motivos os cambios producidos en España e a nova organización territorial xurdida da Constitución de 1978, á cal han de someterse as novas normas reguladoras da Inspección.

Configúrase o sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social como un espazo en que coexisten as potestades estatais e autonómicas. Constitúese como unha inspección global ou total, competente para controlar o cumprimento da lexislación laboral e da Seguridade Social no seu conxunto, e afastada do modelo de inspeccións plurais e fragmentadas. Así mesmo, o artigo 17.3 desta lei prevé que, a través de acordos entre a Administración xeral do Estado e cada comunidade autónoma, poida establecerse a adscrición orgánica de funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social á Administración autonómica.

²⁶ BOE de 21 de setembro de 1971.

²⁷ BOE de 5 de novembro de 1997.

²⁸ BOE de 16 de febreiro de 2000.

A promulgación da Lei 54/2003, de 12 de decembro, que modificou a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, atribúelles aos funcionarios técnicos das administracións autonómicas funcións comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e centros de traballo²⁹.

3. A incorporación da muller á Inspección de Traballo

Do mesmo modo que as leis sobre a implantación da Inspección de Traballo se abriron paso no noso sistema lexislativo paulatinamente até chegar aos nosos días, o ingreso das mulleres na función pública, en concreto na Inspección de Traballo, foi tardío, intermitente e reducido até datas recentes en que a muller participa en igualdade de condicións no acceso á carreira da inspección ou subinspección de Traballo.

Se as primeiras funcións realizadas polos inspectores levaban aparelladas nas súas orixes connotacións educativas para os empresarios pouco formados (a lexislación preocupábase de protexer mais sen causar vexacións á industria, polo que se recomendaba a maior cortesía cos patróns e industriais), estas estaban levadas a cabo por funcionarios masculinos na súa ampla totalidade, xa que o acceso á industria para unha muller e cos requisitos esixidos era realmente difícil.

En que momento irrompe a muller na Inspección de Traballo, cales foron as primeiras mulleres en facelo, así como ao abeiro de que normas concretas puideron acceder ao posto de traballo é o que analizaremos nesta sección.

O 10 de marzo de 1933³⁰, conxuntamente con cincuenta opositores varóns, aproba a oposición para o posto de inspector provincial de Traballo a primeira muller, Isabel Oyarzábal Smith³¹ (Figura 1).

²⁹ MONTOYA MELGAR, A. (2006) «Cien años de Inspección de Trabajo en España» *Revista Española de Derecho del Trabajo* 132, pp. 849-874.

³⁰ Gaceta de Madrid de 12 de marzo de 1933.

³¹ PAZ TORRES, O. (2010) *Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974). Una intelectual en la Segunda República Española. Del reto del discurso a los surcos del exilio*. Sevilla, Xunta de Andalucía, p. 229.




Figura 1. Oposicións de 1933. Inspección Provincial de Traballo.

Posteriormente, en maio de 1934 confirmábase no cargo de inspector provincial de Traballo as persoas ingresadas en virtude do concurso-oposición que o 1 de abril dese ano cumpriran un ano de servizos, entre as cales atopamos que só existe unha única muller, a señora Oyarzábal, e trinta e catro varóns³².

Pola contra, no cargo de inspector auxiliar de Traballo, escala inferior á de inspector provincial de Traballo, no ano 1933 ingresaron en virtude de concurso-oposición vinte e dúas mulleres, que son as seguintes: Ana Almazán Francos, Isabel Álvarez Serrano, Mercedes Casal Pons, M.^a del Carmen Cuervo Radigales, María Domenech Escoté, Jimena Fernández de la Vega y Lombán, Benilde García y García, M.^a Luisa González Gómez, Juana Hernández Navarro, Carmen Martínez del Rincón, Teresa Moreno Aranzadi, Carmen Murillo Arriola, M.^a Manuela Porres y Fajardo, M.^a de la Piedad Pou Godori, M.^a del Carmen Sánchez Serrano, Teresa Sánchez Serrano, María Sancho Adrover, M.^a de la Cinta Serrano Piñana, Ángela Vázquez Isabel, María Vélaz de Medrano Conedese, Carmen Vitores Sáez e Narcisa Zancada Ruata. Xunto con elas aprobaron centro trinta e seis varóns³³ (Figura 2). Ao ano seguinte, 1934, son confirmadas no cargo só oito desta vinte e dúas mulleres.

O comezo da participación das mulleres vén determinado pola aplicación das leis republicanas e prodúcese ao abeiro delas: a Lei de 13 de maio de 1932 e o correspondente Regulamento de 23 de xuño de 1932, que favorecían o acceso en condicións de maior igualdade para mulleres e homes amparado na Constitución de 1931, a cal proclama o dereito á igualdade entre homes e mulleres.

³² Gaceta de Madrid de 18 de maio de 1934.

³³ Gaceta de Madrid de 13 de abril de 1933.




Figura 2. Oposicións de 1933. Inspección Auxiliar de Traballo.

Durante o período da guerra civil o acceso á Inspección quedou paralizado no ano 1936. Despois, a Orde de 22 de xuño de 1937, do Ministerio de Traballo, dispuxo que os inspectores auxiliares de Traballo que nela se mencionaban fosen reintegrados ao servizo activo con pleno recoñecemento de todos os seus dereitos³⁴. De todos eles, corenta e dous eran varóns e soamente había cinco mulleres (Figura 3).




Figura 3. Oposicións de 1937. Incorporación de inspectores.

O 8 de maio de 1938, «vistas as instancias de reingreso formuladas ao abeiro do Decreto de 27 de setembro de 1936 polos inspectores auxiliares de Traballo que foron dona María Vélez de Medrano e dona María de la Cinta Serrano y Piñana, declaradas cesantes en virtude da aplicación do Decreto de 21 de xullo do propio ano. Este Ministerio de acordo co previsto na alínea d) do art. 3.º do Decreto de 27 de setembro de 1936 tivo a ben confirmar a separación de que se fixo obxecto ás expresadas inspectoras auxiliares de Traballo»³⁵.

³⁴ Gaceta de Madrid de 2 de xullo de 1937.

³⁵ Gaceta de Madrid de 8 de maio de 1938.

O 20 de maio de 1938, a causa das mobilizacións decretadas polo Goberno da Segunda República, prodúcense baixas momentáneas de grande importancia que fan quedar as provincias desprovistas dos necesarios delegados e inspectores de Traballo. O Ministerio procede a nomear como delegados de Traballo de segunda clase con carácter interino sete inspectores provinciais de Traballo entre os cales non se atopa ningunha muller.

Con esta mesma data noméanse sesenta e cinco inspectores de Traballo con carácter interino como inspectores provinciais de Traballo. Entre eles, só tres mulleres: Isabel Álvarez Serrano, M.^a Luisa González Gómez e Ángela Vázquez Isabel.

De igual maneira, procédese a nomear vinte e catro delegados de Traballo de terceira clase con carácter interino entre os actuais auxiliares de delegación. Deles, sete son mulleres: María del Carmen Laguna Tasón, Luisa Amo del Amo, María Verbosa de Miguel, Filomena Jorcano Bastida, Carmen Rabadán Martín, María de los Ángeles Pérez Cristóbal e Ángeles Pons Goldoni³⁶.

O 19 de xullo de 1940 o Ministerio de Traballo determina a escala provisional dos funcionarios en activo que constitúen o Corpo Nacional de Inspección de Traballo, escala de inspectores, tanto xerais de primeira, segunda ou terceira clase como inspectores provinciais de primeira, segunda ou terceira clase. Dun total de setenta e seis non existe ningunha muller³⁷.

Na convocatoria de concurso-oposición por Orde de 5 de xullo de 1940 para cubrir prazas de inspectores provinciais de Traballo de terceira clase aproba un total de cincuenta e dous inspectores, entre os cales non hai ningunha muller. Os méritos tidos en conta son a cualificación obtida nos exercicios e os méritos e servizos prestados que afectan ao grao de doutor, título de enxeñeiro, servizos ao glorioso alzamento nacional, en campaña, con grao de capitán, tenente ou alférez, medalla militar individual, publicacións editadas e servizos prestados ao Ministerio³⁸.

Todo isto evidencia que a muller neste momento non tiña cabida dentro da Inspección de Traballo, as trabas impostas a través dos méritos necesarios para acadar o posto éranlle imposibles de superar neste momento.

³⁶ Gaceta de Madrid de 26 de maio de 1938.

³⁷ BOE de 26 de xuño de 1940.

³⁸ BOE de 8 e 10 de xaneiro de 1941.

Se seguimos a analizar as vacantes de ascenso para inspectores de Traballo xerais de segunda categoría que se nomean por Orde de 10 de febreiro de 1941, estas son adxudicadas todas a homes³⁹. O 26 de maio de 1941 prodúcese novos nomeamentos de inspectores provinciais de Traballo de segunda categoría en que tampouco existe ningunha muller⁴⁰. O 2 de xuño de 1941 noméase inspectores provinciais de Traballo de terceira clase nove «cabaleiros mutilados», entre eles, como é obvio, ningunha muller⁴¹.

O 6 de febreiro de 1942 désígnase un total de dezaseis inspectores de entidades aseguradoras de accidentes de traballo e institucións de previsión, só unha muller⁴². O 31 de marzo de 1943 apróbase por concurso-oposición vinte e cinco inspectores provinciais de Traballo de terceira clase do Corpo Nacional de Inspección do Traballo, todos eles homes⁴³. O 14 de maio de 1943 resólvese o concurso de inspectores de Traballo de terceira categoría unha vez tivera lugar o curso correspondente entre cabaleiros mutilados de guerra, cun total de cinco novos inspectores⁴⁴ sen que as mulleres tivesen acceso a esta forma de entrar na Inspección de Traballo. O 25 de maio de 1943 resólvese o concurso oposición de inspectores provinciais de Traballo de segunda clase e noméase catro inspectores⁴⁵, entre os cales tampouco existe representación feminina. O 31 de decembro de 1946 cóbrense trinta prazas de inspectores provinciais de Traballo de terceira clase do Corpo Nacional de Inspección de Traballo, todas elas ocupadas por opositores masculinos⁴⁶.

Por Orde de 23 de xuño de 1950 dispónse «a inclusión de dona María Luisa González Gómez no ascenso en corrida de escalas do Corpo de Inspectores Auxiliares de Traballo»⁴⁷. Con anterioridade, por Orde de 21 de xaneiro de 1946, producírase o ascenso en corrida de escalas ao cargo de subinspectores de primeira clase de vinte e cinco subinspectores de segunda que se encontraban en servizo activo e outros tres que se encontraban en servizo de supernumerarios sen soldo.

³⁹ BOE de 19 de febreiro e 8 de marzo de 1941.

⁴⁰ BOE de 6 xuño de 1941.

⁴¹ BOE de 18 de xuño de 1941.

⁴² BOE de 14 de febreiro de 1942.

⁴³ BOE DE 9 de abril de 1943.

⁴⁴ BOE de 24 de xuño de 1943.

⁴⁵ BOE de 21 de xuño de 1943.

⁴⁶ BOE de 4 de xaneiro de 1947.

⁴⁷ BOE de 19 de agosto de 1950.

María Luisa, que era apta para o ascenso, non foi en principio incluída no ascenso xeral por non corresponderlle de acordo coa data de nacemento que se lle supoñía segundo figuraba na escala. Atinxiu tamén tal ascenso no ano 1946, é dicir, cando lle correspondía segundo a súa data de nacemento, polo que é ascendida aínda que con catro anos de atraso.

O 23 de xuño de 1950 Carmen Murillo Arriola (supernumeraria sen soldo) pasa a ocupar de forma definitiva o seu lugar na escala no corpo de inspectores auxiliares de Traballo. Ao igual que ocorrera con María Luisa González Gómez, en 1946 non se produciu o seu ascenso na escala, tivo que agardar catro anos para que lle fose recoñecido o seu dereito en igualdade de condicións cos seus compañeiros masculinos, que xa ascenderan catro anos antes⁴⁸.

Na Orde de 24 de novembro de 1950 apróbase a escala de inspectores do Corpo Nacional de Inspección de Traballo. Na totalidade de inspectores de todas clases non consta unha soa muller⁴⁹. A Orde de 30 de xaneiro de 1951 modifica os cadros de persoal a teor do disposto na Lei de 9 de maio de 1950⁵⁰, mais nos nomeamentos e ascensos que se producen non aparece o de ningunha inspectora⁵¹. O 16 de febreiro de 1951⁵² e o 30 de xuño de 1952⁵³ novamente teñen lugar nomeamentos sen que figure ningunha muller. Durante anos sucesivos realízanse modificacións na escala en que os inspectores ascendidos son sempre na súa totalidade homes.

O 10 de xaneiro de 1958 cóbrense tres prazas do corpo de inspectores técnicos provinciais de segunda clase con tres inspectores, un de eles en situación de excedencia e os outros dos por ascenso da escala; de novo, non aparecen mulleres⁵⁴. O 22 de xaneiro de 1960 noméanse doce novos inspectores técnicos provinciais de terceira todos eles homes⁵⁵.

⁴⁸ BOE de 1 de setembro de 1950.

⁴⁹ BOE de 28 de novembro de 1950.

⁵⁰ BOE de 11 de maio de 1950.

⁵¹ BOE de 3 marzo de 1951.

⁵² BOE de 6 de abril de 1951.

⁵³ BOE de 11 de xullo de 1952.

⁵⁴ BOE de 7 de febreiro de 1958.

⁵⁵ BOE de 28 de xaneiro de 1960.

A Sección Central da Inspección de Traballo publica a relación de opositores admitidos á práctica do concurso-oposición convocado pola Orde ministerial de 28 de marzo de 1960 para cubrir dez prazas de inspectores técnicos de Traballo de terceira clase, máis as vacantes que se produzan até finalizar os exames.

Na relación mencionada atopamos, dos oitenta e nove opositores, dúas mulleres. Do total dos presentados⁵⁶, neste concurso acadaron a praza dezaioito, entre eles ningunha das dúas aspirantes⁵⁷. Durante o ano 1963 non se produce ningún ingreso feminino no corpo nin tampouco ningunha subida de escala (Figura 4).



Figura 4. 1940-1963. Ingresos na Inspección de Traballo.

Na escala de inspectores provinciais de Traballo, en 31 de decembro de 1963, antes de se producir a unificación dos corpos de inspección, dun total de cento oitenta inspectores hai oito mulleres⁵⁸.

O 24 de xaneiro de 1964 dispónse o acoplamento do cadro de inspectores provinciais de Traballo en execución da Lei 228/1963, de 28 de decembro. Nesta reestruturación encontramos catro mulleres, dun total de cento setenta inspectores de todas as clases⁵⁹ (Figura 5).

⁵⁶ BOE de 22 de xuño de 1960.

⁵⁷ BOE de 7 de xuño de 1961.

⁵⁸ BOE de 28 de xaneiro de 1965.

⁵⁹ BOE de 8 de febreiro de 1964.




Figura 5. 1964. Acoplamento do cadro de inspectores.

No mesmo ano de 1964 noméase dúas mulleres na Inspección. O 28 de xuño de 1966 prodúcese o nomeamento doutra muller dun total de vinte e cinco nomeamentos⁶⁰. En 1967 noméase inspectora técnica unha muller entre un total de vinte e cinco nomeamentos⁶¹. No ano 1968 non houbo nomeamentos e temos que esperar ao ano 1969, en que son nomeadas seis mulleres dun total de vinte e cinco inspectores⁶² (Figura 6).



Figura 6. 1969. Nomeamentos de inspectores.

No ano 1972 ingresan como inspectores da escala técnica do Corpo Nacional de Inspección de Traballo trinta e cinco traballadores, tres deles mulleres⁶³. En 1973 acceden ao posto trinta e un inspectores técnicos de traballo, dos cales outros tres son mulleres⁶⁴. No ano 1974, dos vinte e cinco inspectores, tres son mulleres⁶⁵. En 1975

⁶⁰ BOE de 12 de xullo de 1966.

⁶¹ BOE de 6 de xullo de 1967.

⁶² BOE de 7 de xullo de 1969.

⁶³ BOE de 24 de abril 1972.

⁶⁴ BOE de 26 de marzo de 1973.

⁶⁵ BOE DE 16 de maio de 1974.

son nomeados trinta e un inspectores de traballo, catro mulleres entre eles⁶⁶. No ano 1977 só ingresa unha muller, e na convocatoria do ano 1978, seis mulleres dun total de vinte e seis inspectores⁶⁷.

O ano 1978 marca o inicio dunha importante etapa para España, a promulgación da Constitución e o inicio da democracia van determinar un paso definitivo cara ao camiño igualitario entre homes e mulleres no acceso á carreira da Inspección de Traballo. Primeiro de forma tímida, pois no ano 1979 ingresan sete mulleres; en 1980, nove; en 1985, vinte e unha; en 1990, vinte e dúas; e en 1993, sesenta; até chegar aos nosos días, en que encontramos que as mulleres superan os homes na Inspección de Traballo, ao seren catrocentas vinte e nove dun total de oitocentos trinta e un inspectores con data de 1 de agosto de 2010 (Figura 7).




Figura 7. 2010. Colectivo de Inspectores de Traballo.

4. A Inspección de Traballo ante a discriminación da muller por razón de sexo

Como puidemos ver na sección anterior, ao igual que no resto da función pública, no corpo de inspectores de Traballo a integración da muller en plena igualdade co home foi en paralelo á evolución social e política, con pequenas doses de recoñecemento da igualdade de dereitos nalgúns casos e perdas substanciais destes noutros.

As mulleres tiveron que agardar a que a sociedade lles permitise acudir ás oposicións e optar a unha praza tras unha longa peregrinación para seren vistas en igualdade cos varóns. As pexas, alén de xurídicas, na súa maioría eran sociais: determinados traballos estaban reservados para os homes e as mulleres non tiñan cabida neles.

⁶⁶ BOE DE 2 de xullo de 1975.

⁶⁷ BOE 28 de maio de 1979.

A pesar disto, vimos como houbo mulleres pioneiras que desde 1933 participaron na Inspección de Traballo; tamén como foron sorteando as dificultades existentes á hora de que se lles recoñecesen uns ascensos para os cales tiveron que loitar, mentres que para o seus compañeiros varóns todo era moito máis doado.

As primeiras mulleres en participar no ámbito público fano para reclamaren melloras no privado, pois as leis o único que fan nun primeiro momento é reducir a muller ao fogar e á familia e propiciar a súa invisibilidade.

Coa proclamación da Segunda República, as mulleres séntense implicadas no proxecto, en tanto que se converten nun dos grupos sociais con maiores esperanzas depositadas e cunha visión máis construtiva do novo réxime. Nunha sociedade tradicionalmente desigual cara a elas, a chegada da Segunda República abre a porta ás reformas sociais e xurídicas que lles son favorables.

A Constitución de 1931 establecía no seu artigo 2 a igualdade de todos os españois ante a lei; e o Decreto de 9 de maio do mesmo ano, que establecía o Regulamento para o servizo da Inspección de Traballo, xa no seu preámbulo recoñecía a necesidade dunha nova lexislación do traballo segundo a realidade social daqueles momentos.

Por outra parte, o preámbulo do devandito regulamento sinala a importancia dos acordos da V Conferencia Internacional do Traballo reunida en Xenebra no ano 1923 para determinar os principios xerais da inspección, e a doutrina establecida polo Consello de Traballo adaptada aos novos tempos. Esta nova etapa lexislativa no noso país trouxo unha importante novidade na Inspección de Traballo, a regulación dun sistema de acceso ao corpo por oposición, o que levou a que en 1933 se realizasen as primeiras oposicións.

Isto permitiu que en tales oposicións aparecese por primeira vez unha muller, Isabel Oyarzábal Smith, que como sinala Olga Paz Torres no seu libro⁶⁸, tivo que xustificar a súa presentación como aspirante nas oposicións cunha carta dirixida ao subsecretario do Ministerio de Traballo e Previsión.

Nesta carta alega unha serie de méritos: a súa experiencia como conselleira técnica da delegación governamental na XV e XVI Conferencia Internacional do Traballo, que tiveran lugar en Xenebra nos anos 1931 e 1932; o seu labor na preparación do Congreso de Estatística anexo a ese ministerio durante máis dun ano; ser vogal do Padroado do Instituto de Reeducación de Inválidos «cando dependía de Traballo e na actualidade»; ser membro das «Academias de Ciencias de Cádiz e de Málaga e da de Ciencias

Sociais de Norte América»; a publicación no *Daily Herald* de Londres de artigos relacionados coas condicións do traballo en España, e nomeamentos como o de membro do Comité de Técnicos do Traballo Feminino, con carácter consultivo, polo Consello de Administración da Oficina Internacional do Traballo de Xenebra, na sesión n.º 56, de xaneiro de 1932.

O ingreso desta singular muller na Inspección de Traballo supuxo un avance para a época que, desgraciadamente, sufriu en poucos anos un importante retroceso marcado pola guerra civil e a ditadura. Durante moitos anos as mulleres estiveron apartadas da posibilidade de opositaren e obtiren unha praza en igualdade de condicións cos homes.

Coa publicación da Constitución de 1978, que de forma clara di no seu artigo 9.2 que:

Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

e da lexislación de desenvolvemento, foise publicando unha nova normativa acorde co século XX, e para unha sociedade que pedía a berros condicións máis igualitarias. Foron dándose pasos sucesivos e definitivos para o recoñecemento lexislativo en igualdade de condicións para homes e mulleres.

A promulgación dos dereitos dos traballadores a través do Estatuto dos traballadores en 1980⁶⁹ e as súas sucesivas reformas, incluída a levada a cabo pola Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social⁷⁰, deixaron claro o referente aos dereitos dos traballadores na relación laboral (art. 4.2. do Estatuto dos traballadores):

A non ser discriminados directa ou indirectamente para o emprego, ou unha vez empregados, por razóns de sexo, estado civil, idade dentro dos límites marcados pola lei, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato, así como por razón de lingua, dentro do Estado español.

⁶⁸ PAZ TORRES, O. (2010) *Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974). Una intelectual en la Segunda República Española. Del reto del discurso a los surcos del exilio*. Sevilla, Xunta de Andalucía, p. 232.

⁶⁹ BOE de 14 de marzo de 1980.

⁷⁰ BOE de 31 de decembro de 2003.

As normas que sucesivamente foron publicadas no noso país para lograr a igualdade son normas que afectan ás mulleres, e como tales han de ser defendidas pola Inspección de Traballo; e, ademais, son de aplicación dentro dela. Neste sentido a Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras⁷¹, veu propiciar que a muller poida traballar nas mesmas condicións que o home.

A muller e o home necesitan ter cubertas esas necesidades familiares que son importantes para o seu desenvolvemento integral. Así mesmo, o traballo, ao cal dedican un importante tempo da súa vida é tamén unha parte da súa realización como persoas e como membros da sociedade a que pertencen. Por iso dentro da Inspección de Traballo existen políticas de conciliación familiar que axudan os seus membros a cumpriren as súas obrigas familiares e laborais do modo máis harmónico posible para realizaren o seu traballo co menor risco físico ou mental. Por outro lado, entra dentro das funcións da Inspección velar para que esta lei se cumpra con todas as garantías por parte de todas as empresas.

De igual maneira, a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes⁷², a través do desenvolvemento no noso país dos plans de igualdade deu unha nova e poderosa ferramenta á Inspección para o seu traballo e para implementala dentro do seu propio funcionamento.

Non debemos esquecer que o noso ordenamento debe cumprir coa normativa europea que contempla a Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de setembro de 2002, que modifica a Directiva 76/207/CEE do Consello, relativa á aplicación do principio de igualdade de tratamento entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais e ás condicións de traballo⁷³.

⁷¹ BOE de 6 de novembro de 1999.

⁷² BOE de 23 de marzo de 2007.

⁷³ DOCE de 5 de outubro de 2002.